

## Proxecto de Real Decreto polo que se modifican distintas normas con obxecto de protexer a saúde das persoas fronte ás pseudoterapias

### Alegacións

Visto o texto do proxecto de Real Decreto, resulta difícil determinar a que se refire co termo pseudoterapia, polo que creo necesario que figure unha definición clara.

Entendo que toda a sociedade está de acordo en eliminar as pseudoterapias do ámbito sanitario, público e privado, e moito máis de evitar prácticas enganosas ou fraudulentas respecto da nosa saúde; con todo, ao meu entender, a delimitación parece aconsellable facela desde uns criterios científicos –tal como recolle o proxecto–, o cal significa atender, entre outros, aos seguintes aspectos:

1. **Unha perspectiva plural.** Correspóndelles fixar os criterios ás partes implicadas, non soamente a unha delas, ou a un grupo que segue unha única liña en canto á súa filosofía e axiomas ou certezas de partida.
2. **Un trato igualitario respecto da valoración de cada caso.** Os criterios polos que se determine a lexitimidade ou ilexitimidade dunha terapia convén que se apliquen en todas as sometidas a análises, en canto a evidencias, resultados ou evolución terapéutica.
3. **Garantía de independencia en canto a intereses** comerciais, políticos ou de calquera outra natureza.

A necesidade de contemplar estes puntos baséoa no feito de que, consonte a información difundida, cheguei á conclusión de que se lle atribúe a capacidade de xulgar nesta materia soamente a quen desenvolve o seu traballo no ámbito das terapias convencionais, quen, desta forma, converteríanse en xuíces e parte, en contra dos principios elementais de equidade que poden garantir un ditame de proveito para a sociedade, fronte a outro que parece apuntar á consolidación dun sistema con vantaxes para un grupo profesional e industrial concreto.

A este perigo únese o feito coñecido de que houbo estudos orientados a favorecer a comercialización de produtos concretos, nos que se ocultaron resultados contrarios ao propósito, ou que se suspenderon no seu financiamento por resultar prexudiciais para a entidade ou entidades que sufragaban ou seu desenvolvemento.

En calquera caso, o feito de que a investigación estea excesivamente ligada a firmas comerciais parece comprometer en exceso a súa fiabilidade, ata o punto de que resulta difícil soste que o seu criterio respecto doutros xeitos de entender a saúde se manteña fiel a principios deontolóxicos ou éticos, non sempre atendidos, desgraciadamente, no ámbito da loita polo mercado, con ou sen o pretexto da saúde por medio.

Tamén se dá a circunstancia ben coñecida de que, ata hai moi pouco tempo, as industrias do ramo ofrecían viaxes e vacacións a terapeutas en lugares privilexiados baixo o pretexto de organizaren congresos, nos cales, loxicamente, presentaban as súas novidades, co fin de que as persoas convidadas as utilizasen na súa práctica profesional.

Hoxe isto desapareceu, por unha lóxica evolución legal; pero quizais, antes de afirmarmos que se produciu a recomendable escisión entre unha e outra cousa, conviría analizar se tales prácticas non adquiriron a forma de premios ou recoñecementos persoais, que conducisen a situacións parecidas, aínda que con pretextos menos lesivos para a lóxica da saúde.

Noutra orde, convén lembrar que, á hora de contrastar un método, resulta máis conveniente realizalo desde unha perspectiva externa, aínda que aberta a debate respecto das observacións e conclusións: quizá desde as prácticas convencionais da saúde resulte fácil detectar contradicións noutras formas de abordar o equilibrio do ser humano, pero moi dificilmente pode aceptarse como

acertado o seu xuízo se non existe un intercambio en igualdade entre unha e outra opinión, no que, de acordo cos principios do método científico, se prescindira dunha conclusión previa, e poida abrirse o estudo a descubrimentos compartidos desde a base do diálogo nivelado.

Volvendo á información difundida, e ao propio texto do proxecto obxecto destas alegacións, resultanme moi difíciles de aceptar ideas que falan de incitar ao abandono de métodos convencionais e contrastados como base para loitar contra unha orientación terapéutica concreta: evidentemente, moitas persoas con exercicio profesional no ámbito convencional presionan, descualifican, reproban ou condenan moitas alternativas alleas ao seu propio criterio, ou a totalidade, con frecuencia, sen distinguir sequera a formación profesional que haxa en cada caso concreto.

Parece doado advertir un desequilibrio flagrante, oposto a unha perspectiva científica, na miña opinión, polo simple feito de que eses xuízos carecen dunha aproximación seria e profunda a aquilo que rexeitan.

Curiosamente, no campo das terapias non convencionais, traballan moitísimas mulleres e moitísimos homes que si seguiron unha formación convencional; que coñecen perfectamente os mecanismos que regulan orgánica e psiquicamente o ser humano desde a perspectiva académica oficial e, a partir deses coñecementos, continúan co seu traballo, desde o que poderían, con bastante maior fundamento, testar outras posturas, co consecuente proveito para a norma en proxecto.

Tamén parece pouco recomendable guiarse por informacións que apareceron respecto deste tema, nas cales se falaba de fracasos estrepitosos, que conducían a desenlaces fatais.

Aquí a equidade informativa podería pasar por facerse eco da mesma forma dos fracasos no ámbito convencional, non só no que incumbe a negligencias médicas ou erros de vulto, senón tamén a aqueles casos en que, a pesar de seguirse coidadosamente os protocolos e as prescricións, os tratamentos non deron resultados, ou conduciron a desastres, inexplicables ou non.

Así mesmo, vexo pouco axustado ao espírito científico o feito de que se ignore a posibilidade doutras formas de incidencia na saúde alleas ás propiedades físicas coñecidas da materia, ou ás súas reaccións biolóxicas inmediatas; ou tamén ao moi cuestionado principio que asocia síntoma e doenza, mentres deixa fóra relacións de equilibrio no conxunto formado polo corpo, a mente e a súa contorna.

A forma na que apareceron partículas subatómicas indica claramente a incerteza na que vivimos respecto da estrutura da materia; así mesmo, algúns comportamentos observados e aceptados apuntan a relacións moito máis alá da mecánica convencional, para establecer vínculos aparentes entre a realidade psíquica e a física, cando, ata hai moi pouco, soamente a segunda parecía incidir sobre a primeira, mentres o camiño inverso resultaba máis aló do fantástico e inverosímil, de non mediar un proceso palpable que trasladase o designio da vontade a través de músculos ou órganos. O principio de incerteza de Heisenberg pode ilustrar isto con bastante claridade.

Que algunhas propostas –pseudo ou non– contemplan posibilidades non consideradas pola lóxica convencional dista moito de que poidan desbotarse por falsidade; do mesmo xeito, que os seus efectos pasen desapercibidos a unha medición convencional tampouco pode traducirse en que resulten estériles para os efectos para os que se aplican, senón que quizabes conveña utilizar outros parámetros para determinar a súa eficacia.

De acordo con isto, poderíamos chegar ao resultado de que, no que incumbe ao síntoma combatido, as terapias convencionais resulten, a curto prazo, máis eficaces –nunca infalibles–, mentres as restantes carezan inmediatamente dese resultado curativo; con todo, se contemplamos a realidade completa da persoa, incluída a súa psique e a súa carga emocional, e aplicamos un lapso prolongado de tempo, a conclusión podería cambiar radicalmente. Por suposto, podería atribuírse a curación espontánea, cambios de hábitos ou simple casualidade.

Coa mesma óptica, poderíamos observar, por exemplo, as estatísticas de órganos concretos en disfunción, en persoas que consuman determinados tipos de medicamentos, ou situacións non desexadas en persoas que aplicasen técnicas convencionais para lograr efectos concretos. Non nun tempo inmediato ou lóxicamente asociable á práctica seguida, senón a varición estatística experimentada máis aló do que convencionalmente se establece como aceptable para determinar a fiabilidade do método ou da substancia utilizada.

Podemos falar de dermatites tratadas con corticoides, que desaparecen axiña, pero reaparecen ao pouco tempo de concluído o tratamento, por pórmos un exemplo entre moitos. Desde unha perspectiva inmediata, o proceso resultaría un éxito; visto con algo máis de perspectiva, quizabes resulte máis discutible o logro.

Desde logo, se existen pretextos ou excusas para as carencias dunha orientación, tamén parece lóxico aceptar as que se refiran a outras.

Entre unhas terapias e outras pode haber unha concepción moi distinta da realidade, polo que non parece lóxico que un grupo xulgue o outro, e moito menos que o primeiro soamente mida a fiabilidade do xulgado sen aplicarse a si mesmo os seus propios criterios, cando tamén conta cos seus propios fracasos, os seus problemas por resolver, a súa impotencia ou a súa ineficacia.

Moitísimas persoas seguimos terapias non convencionais. Pertencemos a practicamente todas as clases sociais e niveis culturais ou económicos. Experimentamos na nosa realidade efectos moi positivos. Así mesmo, miles de profesionais aplícanas e teñen fe nelas; creo que demasiadas persoas como para que non soamente se ignore a nosa opinión –aquí lembro que a democracia consiste no goberno da maioría con respecto cara á minoría–, senón que dalgunha maneira se pretenda, a través dun Real Decreto, converternos oficialmente en suxeitos de falacias e andrómenas, que, casualmente, poden prexudicar os resultados económicos de sectores industriais concretos.

Se realmente se procura con esta nova disposición normativa xebrar honestamente o beneficio á sociedade do prexuízo, creo que cómpre de partida unha visión ecuánime, así como un procedemento que acolla cunha certa equidade os puntos de vista que, aínda que non se atopen excesivamente presentes nos estamentos lexisladores, si o están no seo da cidadanía.

Desde logo, a forma na que se expresaron algúns membros do Goberno en relación a terapias non convencionais concretas dista moito da ecuanimidade que lle corresponde a calquera órgano encargado de regular a convivencia, e a riqueza derivada da pluralidade de criterios.

Da mesma forma que millóns de cidadás e de cidadáns poden acudir ao seu supermercado para adquirir alimentos industriais aos que se lles atribúe propiedades extraordinarias para a saúde, publicitados ata a saciedade, tamén quen confiamos en terapias alternativas temos dereito a seguir o que cremos conveniente, por un simple respecto á liberdade das persoas, e de contarmos cunha lexislación que nos permita facelo á luz e sabendo claramente a quen acudimos para este propósito. Alcanzamos a suficiente madurez como para nos facermos cargo de nosa propia saúde, e ninguén demostrou que isto constituía ningún prexuízo colectivo.

Trátase dunha responsabilidade gubernativa que o Real Decreto en proxecto necesita atender, se se trata dunha disposición en beneficio da sociedade.

Carlos Arias Iglesias

DNI 33840384R